

BASES DO CONCURSO

1.- Compañía organizadora

Ediciones Bolanda, S.L., empresa editora dos Bolechas, con domicilio social en Rúa Preguntoiro, 36 – 1º, 15704, Santiago de Compostela (A Coruña), con CIF B15969066, organiza un CONCURSO denominado “NADAL GALEGO COS BOLECHAS” a través da súa web e redes sociais (Facebook, Instagram e X).

2.- Duración e ámbito

O concurso desenvolverase do venres 17 de novembro de 2023 ao luns 8 de xaneiro de 2024 ata as 19:00 horas, e os premios resolveranse por sorteo. O sorteo celebrarase o mércores 10 de xaneiro de 2024.

Por causas de forza maior, causa extraordinaria xustificada e razoable ou por imperativos legais, EDICIONES BOLANDA, S.L. poderá decidir en calquera momento a interrupción e/ou finalización anticipada deste concurso.

O concurso está orientado ao público galego e ao ámbito xeográfico da comunidade autónoma de Galicia. O gañador **recibirá o seu premio nun punto de Galicia de forma gratuíta**. De todos os xeitos, tanto Facebook como Instagram e X son redes sociais universais, polo que non se limita a participación ao ámbito xeográfico. Se o premiado non fose de Galicia ou solicítase que o seu premio fose enviado a un punto fóra de Galicia, este deberá facerse cargo dos custos de envío do premio.

3.- Forma de participación e mecánica da promoción

“NADAL GALEGO COS BOLECHAS” é un concurso que se realiza a través das redes sociais dun formulario web no que o concursante deberá reflectir nun texto ou frase cal é o significado que ten o Nadal para el ou ela.

Optarán ao premio da presente promoción todas aquelas persoas maiores de 18 anos que cumprimenten todos os datos solicitados na plataforma do concurso.

As inscricións debidamente cumprimentadas serán numeradas por orde de recepción. Consideraranse como nulas, a efectos da súa participación no sorteo, aquelas inscricións que non faciliten a totalidade dos datos persoais requiridos. Os datos persoais facilitados deberán ser veraces; en caso de falsidade, erro ou inexactitude, os solicitantes consideraranse automaticamente non admitidos no sorteo.

Ediciones Bolanda, S.L. poderá instar á exclusión da promoción de todos aqueles textos ou palabras inapropiadas ou inadecuadas que vulneren o establecido nas presentes bases ou que puidesen atentar, dalgunha maneira, á dignidade das persoas; tamén no caso de que vulneren os valores e dereitos recoñecidos na Constitución.

4.- Idades dos participantes

Poderán participar na promoción todas aquelas persoas maiores de 18 anos usuarias das redes sociais nas que se desenvolve o concurso. No caso dos menores de idade, necesitarán o consentimento expreso dos seus pais/nais ou titores para a participación no presente concurso así como para a cesión dos dereitos para o tratamento dos datos do menor, asumindo aqueles calquera responsabilidade que puidese derivarse da participación do menor no concurso.

5.- Premio, sorteo e entrega do premio

Os premios serán:

- 1 Cámara de fotos instantánea “FUJIFILM Instax Mini 12”, cor Clay White.
- 1 Bicicleta infantil “Kinderkraft UNIQ”, cor mel (a partir de 2 anos, máximo 35kg).
- 1 Telescopio infantil “UVERBON F40040”.

Tras o sorteo contactarase co gañador para a aceptación do premio vía e-mail; deberán facilitar a Ediciones Bolanda, S.L. o seu D.N.I. e confirmar o seu domicilio actual, así como a aceptación do premio para a súa remisión sen custo.

En ningún caso poderá substituírse o premio polo seu valor económico, nin poderá cederse a outra persoa distinta do gañador.

Ediciones Bolanda, S.L. resérvase o dereito a deixar o premio deserto, no caso de que ningún participante cumpra os requisitos citados nestas bases.

O dereito ao premio caducará aos 10 días da data de celebración do sorteo, sempre que medie intento de entrega no domicilio indicado.

Os premios serán remitidos por unha entrega personalizada nun prazo de 30 días laborables. O porte é gratuíto só para o ámbito territorial de Galicia.

6.- Reservas e limitacións

Entenderase, a título enunciativo pero non limitativo, que se produce fraude, cando se detecta o suposto uso de aplicacións independentes ao *website*; a realización dun abuso de consultas ao servidor e todos aqueles comportamentos que poidan resultar aparentemente abusivos e/ou malintencionados.

A constatación de calquera destas circunstancias durante o concurso suporá a descualificación automática do participante así como a perda do premio se se lle tivera outorgado.

Ediciones Bolanda, S.L. queda eximida de calquera responsabilidade no suposto de existir algún erro nos datos facilitados polos propios agraciados que impedisese a súa identificación.

Igualmente, non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos ou calquera outra circunstancia imputable a correos que poidan afectar o envío dos premios.

Ediciones Bolanda, S.L. resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do concurso.

Ediciones Bolanda, S.L. exclúe calquera responsabilidade por danos e prexuízos de toda natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento dos servizos mediante os que se participa na promoción, á defraudación da utilidade que os usuarios houberen podido atribuír aos mesmos, e en particular, aínda que non de modo exclusivo, aos fallos no acceso ás distintas páxinas e envíos de respostas de participación a través de Internet.

Ediciones Bolanda, S.L. resérvase o dereito a efectuar cambios que redunden no bo fin do concurso cando concorran causa xusta ou motivos de forza maior que impidan levala a termo na forma en que recollen as presentes bases.

Ediciones Bolanda, S.L. resérvase o dereito a aprazar ou ampliar o período do concurso, así como a facultade de interpretar as presentes bases legais.

Así mesmo, a empresa organizadora quedará exenta de toda responsabilidade se concorrera algún dos casos sinalados, así como de calquera responsabilidade polos danos e prexuízos que puidesen ocasionarse durante o goce do premio.

7.- Desvinculación con respecto a Meta (Facebook, Instagram) e X

Meta (á que pertencen as redes sociais Facebook e Instagram) e X non patrocinan, avalan, nin administran de modo algún esta promoción, nin están asociados a ela. O usuario desvincúlase totalmente de Meta e X e é consciente de que está proporcionando a súa información á empresa Ediciones Bolanda, S.L. e non a Meta nin a X. A información que proporcione utilizarase para xestionar a participación do concursante e para comunicarlle o premio. Non terá uso comercial nin será cedido a terceiros.

8.- Protección de datos

Os datos fornecidos polos participantes serán tratados confidencialmente e recompilados nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, sendo Ediciones Bolanda, S.L. titular e responsable de devandito ficheiro, con domicilio social en Preguntoiro, 36 – 1º, cuxa finalidade será a xestión do presente sorteo.

Ediciones Bolanda, S.L. garante o cumprimento íntegro da Ley Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, no tratamento dos datos persoais recollidos no presente CONCURSO, en especial polo que se refire á atención do exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos persoais dos concursantes.

9.- Aceptación das bases

A simple participación no concurso implica a aceptación das presentes Bases, polo que a manifestación no sentido de non aceptación da totalidade ou parte das mesmas implicará a exclusión do participante e, como consecuencia diso, Ediciones Bolanda, S.L. quedará liberada do cumprimento da obrigaación contraída con devandito participante.